

Santalices considera ao arquitecto Vázquez-Gulías “exemplo de capacidade de apertura ao mundo e ás diferentes correntes intelectuais”

- **O presidente do Parlamento participou na Casa de Galicia en Madrid na presentación do Centro Cultural Daniel Vázquez-Gulías, que xurde para poñer en valor o legado do arquitecto e urbanista ourensán de principios do século XX**

Santiago, 28 de outubro de 2017.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, participou esta tarde na Casa de Galicia-Delegación da Xunta en Madrid, nunha mesa redonda sobre o arquitecto e urbanista ourensán Daniel Vázquez-Gulías Martínez (1869-1937), acto no que tamén se presentou o centro cultural orientado a poñer en valor o legado do introdutor do modernismo en Ourense.

A xuízo de Santalices, Vázquez-Gulías foi exemplo de “capacidade de apertura ao mundo e ás diferentes correntes intelectuais, científicas e creativas do seu tempo”, como acreditou este arquitecto galego ampliando estudos en Viena e Berlín logo de obter o título en Madrid en 1897.

Renovador

Na súa intervención, ao inicio da mesa redonda, o presidente do Parlamento de Galicia considerou que “Vázquez-Gulías foi para a arquitectura en Galicia o que os integrantes da Xeración Nós siñificaron para a renovación da cultura galega a través da súa capacidade de apertura ás novas correntes que se fraguaban en Europa sen renunciar, por elo, á nosa propia identidade”.

Adiantado ao seu tempo

Do traballo de Vázquez-Gulías, o presidente da Cámara galega destacou os balnearios que proxectou, desde o do Carballiño ata o proxecto inicial do Gran Balneario da Toxa. “Demostrou ser un visionario, un adiantado ao seu tempo, nos balnearios que proxectou”, afirmou Santalices, que recordou os beneficios do termalismo para a saúde.

O presidente da Cámara galega considerou que, “pola súa visión humanista da arquitectura, a obra de Vázquez-Gulías está chamada a perdurar no tempo e na memoria de todos”.

Explicou Santalices Vieira que do mesmo xeito que o Parlamento “está firmemente comprometido coa arte e coa cultura Galicia nas súas diferentes manifestacións, tamén é a nosa obriga recoñecer e alentar traballos como o que o Centro Cultural Vázquez-Gulías está acometendo en beneficio da arquitectura e do coñecemento humanista do que todos somos debedores”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación.